

SESIÓN DA CONSTITUCIÓN DA NOVA CORPORACIÓN E DA ELECCIÓN

DE ALCALDE DE DATA 11 DE XUÑO DE 2011

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, sendo as doce horas do día 11 de xuño de dous mil once, co fin de constituír a nova Corporación e elixir alcalde, de conformidade co establecido nos artigos 195 e 196 da Lei orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do réxime electoral xeral, e art. 40 do Regulamento orgánico municipal, reuníronse, en sesión pública, os señores concelleiros electos nas eleccións locais que tiveron lugar o día 22 de maio do ano que andamos, que son os seguintes, segundo a acta de proclamación de concelleiros electos remitida á Secretaría xeral deste concello pola Xunta Electoral de Zona da Coruña:

Polo Partido Popular

Don Manuel Rivas Caridad
Dona María Jesús González Roel
Don Felipe Andreu Barallobre
Dona Rocío Vila Díaz
Don Fernando Caride Suárez
Dona Marta María Vázquez Golpe
Don Santiago Manuel Ríos Rama

Polo Partido dos Socialistas de Galicia - PSOE

Don Augusto Rey Moreno
Don José Manuel Lemos Seoane
Dona Margarita Iglesias Pais
Don Jesús Bao Bouzas
Dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro

Por Unión por Cambre

Don Óscar Alfonso García Patiño
Don José Antonio Orosa Fernández
Dona Elisa Pestonit Barreiros

Por Esquerda Unida

Don Luis Miguel Taibo Casás
Dona María Olga Santos López

Polo Bloque Nacionalista Galego

Don Alfredo Rodríguez Abella
Dona María Victoria Amor Prieto

Por Progresistas de Cambre

Don José Antonio Baamonde López

Polo Partido Galeguista Demócrata

Don Manuel Marante Gómez

Asistidos da secretaria da corporación dona M^a Luisa de la Red Ampudia, quen fai constar que van comezar cunha información previa relativa ao obxecto da sesión, á orde do día e aos requisitos para a toma de posesión.

En canto ao obxecto da sesión, o artigo 195.1 da Lei orgánica 5/1985, de réxime electoral xeral e o artigo 40 do Regulamento orgánico municipal, dispoñen que a Corporación constituírase en sesión pública o vixésimo día posterior á celebración das eleccións, é dicir, o día 11 de xuño, agás que se tivera presentado recurso contencioso-electoral contra a proclamación dos concelleiros electos. Segundo acta de proclamación de candidatos remitida pola Xunta Electoral de Zona da Coruña, rexistrada de entrada ao núm. 8381 o pasado 30 de maio, non figuran recursos presentados ante a Xunta Electoral.

En canto á orde do día, o propio artigo 40 do Regulamento orgánico municipal establece a orde do día da sesión constitutiva e con base nel, o Sr. alcalde en funcións ditou resolución de data 8 de xuño actual mediante a que resolveu convocar a sesión constitutiva para o día 11 de xuño, ás 12:00 horas, no salón de sesións da casa do concello, coa seguinte orde do día:

- 1º Formación da Mesa de Idade
- 2º Xuramento ou promesa e toma de posesión do cargo de concelleiro
- 3º Elección de alcalde
- 4º Xuramento ou promesa e toma de posesión do cargo de concelleiro
- 5º Cumprimento do establecido no art. 36.2 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro

En canto aos requisitos imprescindibles que deben cumprimentar os señores concelleiros electos para tomar posesión do cargo de concelleiro, o artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e os artigos 30 e seguintes do Regulamento orgánico municipal establecen a obriga de todos os concelleiros electos de presentar ante a Secretaría xeral, antes da toma de posesión:

- a declaración sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos
- a declaración dos seus bens patrimoniais e da participación en sociedades de todo tipo, con información das sociedades por elas participadas
- a copia compulsada da última declaración tributaria do Imposto sobre a renda e sociedades, se é o caso

Igualmente, antes da toma de posesión, deberán presentar ante a Secretaría xeral a credencial.

A continuación, cúmprense os trámites seguindo a orde do día da convocatoria da sesión constitutiva efectuada polo alcalde en funcións, segundo o previsto no artigo 40 do Regulamento orgánico municipal.

1º Formación da Mesa de Idade

A secretaria da Corporación informa que, de conformidade co establecido no artigo 195.2 da Lei orgánica 5/1985, do réxime electoral xeral, e artigo 40.2 do Regulamento orgánico municipal, para a celebración da sesión constitutiva formárase unha Mesa de Idade, integrada polos elixidos de maior e menor idade, actuando como secretaria a da Corporación. A presidencia a ostenta o concelleiro electo de máis idade, ata a toma de posesión do alcalde que resulte elixido.

Tendo en conta os datos obrantes na Secretaría municipal, resulta que o concelleiro electo de maior idade, e presidente da dita mesa, é don Luis Miguel Taibo Casás, de EU, titular do NIF 76 306 399-N, nacido o 2/1/1952, e o concelleiro de menor idade, don Fernando Caride Suárez, do PP, titular do NIF 47 379 732-P, nacido o 12/8/1986, polo que de non haber erro na data de nacemento, son eles os que deben formar a Mesa de Idade.

A secretaria municipal invita aos citados concelleiros a subir ao estrado para constituír a Mesa de Idade.

Unha vez constituída a Mesa de Idade, a secretaria expón que, de conformidade co previsto no artigo 195.3 da LOREG e art. 40.3 do ROM, a Mesa deberá comprobar as credenciais presentadas ou acreditacións da personalidade dos electos baseándose nas certificacións remitidas ao concello pola Xunta Electoral de Zona, e igualmente comprobará que se presentaron polos electos as declaracións sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles proporcione ou lles poida proporcionar ingresos económicos, así como a declaración dos seus bens patrimoniais, e a copia compulsada da última declaración tributaria do Imposto sobre a renda, e sociedades, no seu caso.

A secretaria fai constar que foron entregadas as credenciais e tamén as declaracións de bens, actividades e copia das declaracións tributarias da renda e sociedades por todos os concelleiros, que se atopan xa inscritas nos correspondentes libros.

Examinada a documentación achegada, o presidente da Mesa de Idade saúda aos asistentes, e manifesta que comprobado que por todos os concelleiros electos se presentaron as credenciais, as declaracións de bens patrimoniais e de actividades e outras causas de posible incompatibilidade, así como copia da última declaración tributaria do Imposto sobre a renda e sociedades, no seu caso, a Mesa de Idade non aprecia causa de incompatibilidade en ningún deles. Compróbase igualmente que asisten a totalidade dos concelleiros, polo que se cumpre co requisito da maioría absoluta legal esixida polo artigo 195.4 da Lei orgánica do réxime electoral xeral, e, como consecuencia, declárase aberta a sesión para a constitución da Corporación do Concello de Cambre, dando cumprimento ao establecido no artigo 108.8 da Lei orgánica do réxime electoral xeral respecto de que no momento de tomar posesión e para adquirir a plena condición dos seus cargos, os candidatos electos deben xurar ou prometer acatamento á Constitución.

2º Xuramento ou promesa e toma de posesión do cargo de concelleiro

Pola secretaria da Corporación infórmase que o xuramento ou promesa de acatamento á Constitución prestarase baixo a formula establecida no Real decreto 707/1979, do 5 de abril: “xuro ou prometo pola miña conciencia e honor cumprir con fidelidade as obrigas do cargo de concelleiro/concelleira do Concello de Cambre, con lealdade ao Rei, e guardar e facer guardar a Constitución como norma fundamental do Estado”. Para tal efecto situouse enriba da mesa presidencial un exemplar da Constitución Española e un crucifixo, así como a fórmula regulamentaria do xuramento ou promesa en galego e en castelán, efectuándolo en primeiro lugar o presidente da Mesa de Idade, e logo o vogal; os demais concelleiros electos farano seguindo a orde en que aparecen reflectidos na acta de proclamación de concelleiros electos remitida pola Xunta Electoral de Zona da Coruña.

Seguidamente efectuase o chamamento nominal e, a medida que van prestando xuramento ou promesa, imponse a Medalla Edilicia pola secretaria ao presidente da Mesa de Idade, e polo presidente da mesa aos demais concelleiros e concelleiras electos.

A continuación, don Luis Miguel Taibo Casás, como presidente da Mesa de Idade, manifesta que, cumpridos os requisitos legais e finalizado o acto de xuramento ou promesa, a Mesa de Idade declara validamente constituída a nova Corporación resultante das eleccións locais celebradas o pasado día 22 de maio, polo que os comparecentes adquieren a plena condición de concelleiros, quedando integrada a nova Corporación municipal polos seguintes concelleiros:

Polo Partido Popular

Don Manuel Rivas Caridad
Dona María Jesús González Roel
Don Felipe Andreu Barallobre
Dona Rocio Vila Díaz
Don Fernando Caride Suárez
Dona Marta María Vázquez Golpe
Don Santiago Manuel Rios Rama

Polo Partido dos Socialistas de Galicia - PSOE

Don Augusto Rey Moreno
Don José Manuel Lemos Seoane
Dona Margarita Iglesias Pais
Don Jesús Bao Bouzas
Dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro

Por Unión por Cambre

Don Óscar Alfonso García Patiño
Don José Antonio Orosa Fernández
Dona Elisa Pestonit Barreiros

Por Esquerda Unida

Don Luis Miguel Taibo Casás
Dona María Olga Santos López

Polo Bloque Nacionalista Galego

Don Alfredo Rodríguez Abella
Dona María Victoria Amor Prieto

Por Progresistas de Cambre

Don José Antonio Baamonde López

Polo Partido Galeguista Demócrata

Don Manuel Marante Gómez

3º Elección do alcalde

Acto seguido, a secretaria da Corporación expón que, de conformidade co previsto no

artigo 196 da Lei orgánica 5/1985, de 19 de xuño, poden ser candidatos todos os concelleiros que encabecen as correspondentes listas e se algún deles obtén a maioría absoluta legal dos votos dos concelleiros, será proclamado alcalde electo. Se ningún deles obtén a maioría absoluta, será proclamado alcalde o concelleiro que encabece a lista que obtivera o maior número de votos populares no municipio.

En canto á votación, aínda que existe un uso administrativo no sentido de que a elección de alcalde debe ser mediante votación secreta, non hai fundamento legal, pois tanto o Real decreto 2568/1986, como a Lei 7/1985 remiten á lexislación electoral, que non establece nada ao respecto, polo que pode utilizarse calquera das tres fórmulas establecidas no artigo 101 do citado Real decreto, é dicir, votación ordinaria, nominal ou secreta.

Tendo en conta a normativa aplicable, o presidente da Mesa pregunta que concelleiros dos que encabezan as distintas listas presentan a súa candidatura ao cargo de alcalde.

Non se presentan don Luis Miguel Taibo Casás, de EU, don José Antonio Baamonde López, de Progresistas de Cambre e don Manuel Marante Gómez, do Partido Galeguista Demócrata.

Así pois, preséntanse e son proclamados candidatos ao cargo de alcalde do Concello de Cambre:

- Don Manuel Rivas Caridad, do Partido Popular
- Don Augusto Rey Moreno, do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE
- Don Óscar Alfonso García Patiño, de Unión por Cambre
- Don Alfredo Rodríguez Abella, do Bloque Nacionalista Galego

Polo presidente da Mesa de Idade proponse aos presentes que a votación para elixir ao Sr. alcalde sexa mediante votación ordinaria, é dicir, a man alzada, sendo aprobada a proposta por unanimidade dos vinte e un concelleiros que compoñen a Corporación.

Sometida a votación ordinaria a candidatura presentada por don Manuel Rivas Caridad, votan a prol os sete concelleiros do PP e o concelleiro do PGD.

Sometida a votación ordinaria a candidatura presentada por don Augusto Rey Moreno, votan a prol os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE.

Sometida a votación ordinaria a candidatura presentada por don Óscar Alfonso García Patiño, votan a prol os tres concelleiros de UxC.

Sometida a votación ordinaria a candidatura presentada por don Alfredo Rodríguez Abella, votan a prol os dous concelleiros do BNG.

Así pois, obtívoase o seguinte resultado:

- Don Manuel Rivas Caridad, do PP:	8 votos
- Don Augusto Rey Moreno, do PSdeG-PSOE:	5 votos
- Don Óscar Alfonso García Patiño, de UxC:	3 votos
- Don Alfredo Rodríguez Abella, do BNG:	2 votos

Sendo o número de votos dos concelleiros de vinte e un, ningunha das candidaturas presentadas obtivo a maioría absoluta, polo que a Mesa de Idade proclama alcalde do Concello de Cambre ao candidato da lista electoral do PP, don Manuel Rivas Caridad, como lista que obtivo maior número de votos populares no municipio.

4º Xuramento ou promesa e toma de posesión do cargo de alcalde

Seguidamente, de conformidade co establecido nos artigos 18 do Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, e artigo 40.2 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, don Manuel Rivas Caridad toma posesión do cargo, xurando pola súa conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de alcalde con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Acto seguido, o presidente da Mesa de Idade, don Luis Miguel Taibo Casás, entrégalle ao señor alcalde o bastón de mando do concello co aplauso dos concelleiros e do público asistente á sesión, e ocupa a presidencia.

Toma a palabra o Sr. alcalde, quen manifesta que despois de trinta anos Cambre cambiou de alcalde, e para el é un honor e unha enorme responsabilidade recibir ese símbolo que é o bastón de mando do concello, para con iso cumprir co mandato que lles outorgaron os veciños a través das urnas.

Di que quere dar a benvida a todos os membros da nova Corporación, animarlles, e apelar á súa responsabilidade como servidores públicos, que o son, e demandarlles a súa colaboración para facer posible un goberno estable e de consenso para que Cambre avance, porque non só se goberna dende o goberno, senón tamén dende a oposición, e dende as asociacións veciñais, e dende os outros colectivos da vida pública que achegan as súas ideas. En todos eles vaise apoiar para levar a cabo o seu proxecto, que non é outro que modernizar Cambre e acadar o benestar dos veciños.

Di que nel atoparán sempre o acordo, o achegamento, a transparencia e o consenso, e a man tendida, porque se trata de gobernar, e hai que facelo para todos, para os que lles votaron e para os que non lles votaron, para os que se abstiveron e para os que votaron en branco, e para iso teñen que poñerse de acordo e chegar a consenso todas as forzas políticas.

Os veciños teñen que sentir que eles, os políticos, os seus representantes, goberno e oposición, están traballando e facendo todo o posible para conseguir o fin que se

persegue, que non é outro que o benestar. Por iso hoxe, pide que desterren as disputas políticas e traballar todos xuntos no proxecto común que é Cambre.

Di que non pode olvidarse da parte fundamental para levar a cabo o seu proxecto, que son os funcionarios, todos sen excepción, e cada un no seu departamento. A eles pídelles un esforzo máis se cabe, porque o proxecto vale a pena.

Tampouco pode olvidarse da parte máis importante, os receptores dos seus acertos e dos seus erros, os veciños, e por iso quere ter neles o asesoramento, porque eles serán para el os mellores asesores.

Di que comeza este mandato cun goberno novo, con ilusión, con ganas de traballar e en minoría, pero sabe que pronto todas as forzas políticas, as asociacións de veciños, os funcionarios e todos os cidadáns achegarán o seu gran de area para devolver a Cambre a ilusión, onde todo o mundo teña traballo, onde os servizos funcionen, onde os colexios teñan prazas, onde a sanidade sexa máis rápida e eficaz, onde haxa instalacións deportivas adecuadas, onde os parques infantís sexan parques infantís e non simples recintos inadecuados para os nenos, onde os maiores se sintan integrados e onde poidan reunirse e desfrutar do seu tempo, onde as infraestruturas sexan mellores e ordenadas, onde haxa un Plan xeral e saiban o que teñen e onde se pode facer, onde poidan aproveitar o que a natureza lles deixou e que deben de coidar e desfrutar, onde a cultura teña as súas instalacións para actos, exposicións, bibliotecas e sitios de reunión.

Conclúe dicindo que por iso sabe que, todos xuntos, van achegar a súa experiencia, as súas ganas, a súa ilusión, o seu traballo, en definitiva o seu gran de area. Porque todos queren o mesmo, que é facer de Cambre un lugar ideal para vivir, e con iso acadar o benestar.

Neste momento, incorpórase á sesión a interventora municipal.

5º Cumprimento do establecido no art. 36.2 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro

A secretaria da Corporación expón que, de conformidade co establecido no artigo 36.2 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, os secretarios e interventores tomarán as medidas precisas para que o día da constitución das novas corporacións locais se efectúe un arqueo e estean preparados e actualizados os xustificantes das existencias en metálico ou valores propios da Corporación, depositados na caixa municipal ou entidades bancarias, así como a documentación relativa ao inventario do patrimonio da Corporación e dos seus organismos autónomos.

A continuación, a interventora municipal informa que en cumprimento do establecido no artigo 36.2 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, a Intervención e a Tesourería municipais adoptaron as medidas precisas para a confección da acta de

arqueo con data do 11 de xuño de 2011 co motivo da constitución da nova Corporación, á que se unen os documentos e certificados oportunos que xustifican as existencias en metálico e valores na caixa municipal e en entidades financieras.

Así, o saldo total das existencias é de 855.068,81 euros que se desglosan do seguinte modo:

Caixa operativa	1.829,76
Bancos e inst. crédito. Contas operativas	836.000,83
Bancos e inst. crédito. Contas restrinxidas de recadación	15.747,35
Caixa fixa	501,51
Contas restrinxidas de anticipos de caixa fixa	989,36
Total	855.068,81

Pola secretaria da Corporación maniféstase que non é posible rendir o Inventario municipal, xa que se está elaborando actualmente, non obstante, na Secretaría municipal están os documentos acreditativos da titularidade dos bens e dereitos municipais.

Toma a palabra o Sr. alcalde para informar a todos os concelleiros que dentro do prazo máximo de trinta días, deberá ter lugar a sesión ou sesións extraordinarias do pleno da Corporación co obxecto de resolver os seguintes puntos, de conformidade co sinalado no artigo 41 do Regulamento orgánico municipal:

- a) Periodicidade das sesións do pleno e da xunta de goberno local
- b) Creación e composición das comisións informativas permanentes, de seguimento e control
- c) Nomeamento de representantes da Corporación en órganos colexiados que sexan da competencia do pleno
- d) Coñecemento das resolucións de Alcaldía en materia de nomeamentos de tenentes de alcalde, membros da xunta de goberno local, e presidentes das comisións informativas, así como das delegacións que esta Alcaldía estime oportuno conferir.
- e) Coñecemento da constitución dos grupos políticos municipais, que se constituirán mediante escrito dirixido ao alcalde e subscrito por todos os seus integrantes, que se presentará na Secretaria xeral da Corporación, dentro dos cinco días hábiles seguintes á constitución da Corporación. No mesmo escrito de constitución farase constar a designación de voceiro do grupo, pudiendo designar tamén suplentes.

A continuación, o Sr. alcalde, e antes de concluír a sesión, concede a palabra aos concelleiros asistentes.

Don Augusto Rey Moreno, concelleiro do PSdeG-PSOE, felicita en nome do seu grupo municipal ao Sr. alcalde pola súa elección. Di que son conscientes, como o propio alcalde manifestou, da situación en que acadou a Alcaldía e o goberno en situación de debilidade que vai presidir. Evidentemente, nunha Corporación de 21 concelleiros, gobernar con 8 vai ser difícil, e nese sentido, como o Sr. alcalde manifestou, e el lle agradece, vai esixir unha capacidade de diálogo, de busca de consensos que vai ser necesaria para acadar o obxectivo de resolver os grandes temas que, a día de hoxe, Cambre e os seus veciños teñen formulados.

Di que pola súa parte quere manifestar, brevemente, que dende a oposición os socialistas de Cambre van ser rigorosos, esixentes no cumprimento das obrigas do goberno municipal e dos seus compromisos, pero tamén construtivos e colaboradores á hora de sacar adiante os grandes temas que, como dixo, Cambre ten a día de hoxe.

Conclúe dando unha vez máis a súa en hora boa ao Sr. alcalde, e os seus desexos de éxito na súa xestión, porque iso será o éxito de todos os veciños de Cambre.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, concelleiro de Unión por Cambre, felicita ao Sr. alcalde pola súa elección e deséxalle sorte, xa que a súa sorte será a sorte de todos os veciños de Cambre.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, de EU, manifesta, en primeiro lugar, as súas felicitacións aos concelleiros electos nesta nova Corporación, e dun xeito especial a don Manuel Rivas Caridad, alcalde de Cambre. Da mesma maneira, quere manifestar a súa gratitude, e a do grupo que representa, ás 1188 persoas que entenderon que a súa forza política é necesaria para que nesta casa exista a voz da esquerda, crítica, social e alternativa, aos que decidiron dar co seu voto e a súa confianza o apoio á candidatura que tiveron o pracer de presentar e agora teñen o orgullo de defender. O seu agradecemento vén dende a humildade, e quere trasladalo a todos os cambreses e cambresas que optaron por votar a outras forzas políticas distintas da súa.

Di que o pasado 22 de maio os veciños e veciñas de Cambre expresaron a través das urnas que partidos querían que estiveran representados neste concello, hoxe está aquí a expresión desa vontade. EU obtivo máis votos nestas eleccións, aínda que mantén a mesma representación. Os representantes de EU inician esta lexislatura co desexo de que a transparencia, a democracia e a participación sexan os sinais de identidade desta Corporación, porque a cidadanía de Cambre merece todo o seu respecto.

Di que EU como forza política en Cambre realizou unha campaña electoral limpa, transparente e con respecto, sobre todo á cidadanía e ás demais formacións políticas. A súa campaña foi o seu programa, o seu modelo de concello, o que agora defenden en nome das persoas que cren neles. Di que o farán con firmeza, loitando coa súa intelixencia e non con maldade, respectando aos homes e mulleres que non pensan como eles, pero criticando os métodos que se utilicen se non son os correctos.

Segue dicindo que a partir de agora en Cambre comeza unha nova etapa. Di que todos eles ostentan a representación dos veciños e veciñas e, polo tanto, deben sentirse unidos a pesar das profundas discrepancias, porque existen e sen dúbida existirán, pero teñen a responsabilidade de traballar nun único proxecto, construír o futuro de Cambre, seguir facéndoo máis próspero, procurando unha maior calidade de vida e un maior benestar para os cidadáns.

Dende EU tentarán que as súas propostas cheguen a todos e cada un dos veciños que compoñen as 12 parroquias que configuran o termo municipal, e para iso utilizarán a institución como plataforma reivindicativa na demanda de recursos e servizos. O diálogo, a tolerancia e a comprensión nas relacións, tanto dentro como fóra do concello, teñen que ser os eixes polos que se rexan as relacións entre os distintos grupos municipais. Profundizar sobre eses dous criterios debe ser tarefa de todos e todas, deben de conseguir que o aire que respiren nesta casa sexa do máis limpo e saudable, e agarda que o próximo goberno non sexa un inconveniente para iso, porque ao fin e ao cabo, o resultado desas relacións será a imaxe que trasladarán aos cidadáns, e non pretenden nin desexan un Cambre onde reine a crispación e as malas prácticas políticas.

Continúa dicindo que se o Sr. alcalde lle permite, quixera expoñer nesta primeira sesión, moi brevemente, os eixes básicos por onde van camiñar as súas propostas na presente lexislatura.

Di que necesitan sentirse parte deste pobo, sentirse a gusto con el, onde todos e todas poidan vivir acorde coas súas necesidades, onde maiores, nenos e nenas, atopen lugares de atención próximos ás súas zonas de residencia e convivencia, onde os maiores non teñan que irse a un centro residencial lonxe do seu medio familiar. Un Cambre onde os veciños e veciñas poidan dispoñer dunhas escolas infantís para poder conciliar a súa vida laboral e familiar. Necesitan un concello onde as condicións de igualdade sexan fomentadas dende a administración municipal, tendo moi presente ás persoas en risco de exclusión social.

Este concello pode desenvolver políticas que contribúan a creación de postos de traballo que alcancen a todos os colectivos e, especialmente, a mozos e mozas, mulleres e parados maiores de longa duración. Para iso van propoñer unha maior austeridade e unha maior eficacia no labor municipal para conseguir recursos que se concreten nun plan municipal de creación de emprego.

Necesitan que se realicen políticas que equilibren e conteñan crecemento urbano, baseado sobre todo no Plan xeral de ordenación municipal, que debe ser o eixe vertebrador e documento fundamental para o desenvolvemento de Cambre, que teña en conta o modelo de concello onde queren vivir, que favoreza a convivencia entre todos e todas, cunha participación ampla e decidida na súa elaboración.

Propoñen que se realice unha política diferente, para que se constrúan vivendas de todos os réximes, tanto compra como alugamento. Necesitan un concello ambientalmente

sostible, onde a austeridade e contención do gasto non signifiquen perdas na calidade de vida.

Traballarán para que se potencie unha maior participación cidadá, dirixida non só aos colectivos sociais organizados, pretenden tamén que os veciños e veciñas, a título individual, poidan debater coa administración municipal os destinos que se dan aos seus cartos a través de determinados orzamentos participativos, avanzando así nunha maior democracia participativa e participada.

Queren un concello onde o diálogo e a participación sexa o eixe diario de actuación do goberno municipal, desterrando para sempre a confrontación pola confrontación. Onde as portas do concello e da Alcaldía estean abertas á cidadanía.

Cambre é un pobo con pasado, un pobo que debe ter futuro, por iso deben mirar especialmente pola xuventude, como suxeitos que farán posible o cambio de mentalidade, porque sen dúbida o futuro próximo depende deles.

Segue dicindo que isto é parte do traballo colectivo que EU se propón facer, no que están dispostos a seguir traballando, ese foi o compromiso dos dous concelleiros da súa candidatura e do conxunto da organización. Así o fixeron estes últimos catro anos, como movemento político e social, permanecendo ao lado de quen lles reclamaou, sen receitas que conduzan ao voto cautivo, sen facer ofrecementos dende o engano, pero traballando con pasos firmes e claridade na mensaxe. Así foi sempre ou case sempre, porque todos cometen erros, aínda que non todos sexan capaces de recoñecelo.

Di que estas liñas básicas que veñen recollidas no seu programa electoral, serán o seu traballo na oposición, serán críticos dunha forma construtiva, buscando o seu obxectivo de colaborar para acadar que Cambre sexa un concello acolledor, cohesionado, sostible e con calidade democrática.

Conclúe dicindo que, en nome da organización que representa, quere manifestar os mellores desexos para o goberno de Cambre e para o conxunto da Corporación na presente lexislatura, e igual que hai catro anos, quere facer unha reflexión que todos os membros da Corporación deberían ter moi presente, que ninguén esqueza a enorme responsabilidade que existe no seu traballo e nas súas decisións nos próximos anos. Hai persoas que se verán afectadas, para ben ou para mal, porque detrás dos plenos, das mocións, das licenzas, do urbanismo, dos gastos de representación, das dedicacións exclusivas, das axudas de custo, dos cargos de confianza ou dos impostos, están os cidadáns, que teñen que ser os destinatarios e beneficiarios das súas actuacións. Neste sentido di que poden ter seguro que tanto a súa compañeira de grupo como el mesmo, e os demais compañeiros e compañeiras de EU, van a traballar día a día para que iso ocorra.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, de Progresistas de Cambre, manifesta que quere felicitar ao Sr. alcalde e desexarlle éxito, porque ese éxito será

tamén o éxito deles e de todos os veciños.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, do Partido Galeguista Demócrata, felicita a todos os compañeiros e compañeiras da nova Corporación, deséxalles sorte a todos, traballo, e fundamentalmente que sexan capaces de entenderse nestes catro anos polo beneficio dos veciños de Cambre.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as doce horas e cincuenta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria xeral

Manuel Rivas Caridad

M^a Luisa de la Red Ampudia